

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### ACTA DA SESION DO PLENO INFANTIL REUNIDO NO SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CERDIDO O DIA VINTE DE NOVEMBRO DE 2017

Co gallo de conmemorara o día internacional da infancia , o Concello de Cerdido abre as súas portas a todos os nenos e nenas do CEIP A Barqueira para celebrar un Pleno Infantil , escoitar as súas demandas e materializar o seu dereito a liberdade de expresión .

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas e trinta minutos do día vinte de novembro de dous mil dezasete, reúnense en primeira convocatoria os seguintes concelleiros infantís que se citan a continuación: Saray López Sienko , Carla Hermida López , Enma Mourente Filgueira , Hugo Couselo Garrote , Samanta Luaces Serantes , Noelia Piñón Vilasuso e Hugo González Santalla baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro . De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

**1º.- Proposta defendida por Hugo González Santalla** , quen solicita á Alcaldía que se amañen os baños dos colexio e os cars , que hai dous que non funcionan

O alcalde contesta que terá en conta as peticións e anuncia que mañá tratase de arregar os cars

**2º.Proposta defendida por Noelia Piñón Vilasuso** fai a súa proposta para que se amaña a fiestra do comedor e as pizarras das aulas

O alcalde contesta que se intentará amañar a fiestra canto antes

**3º.Proposta defendido por Samanta Luaces Serantes** solicita que se pinte o patio interior e mais area para o areeiro


O alcalde contesta que se intentará pintar o patio na época de vacacións

**4.- Proposta realizada por Hugo Couselo Garrote** solicita que se amañen as persianas do cole porque xa houbo dous accidentes

O alcalde explica que as persianas son vellas e que debes ter coidado con elas e intentará amañalas .

**5.- Proposta realizada por Enma Mourente Filgueira** solicita que se abra a Biblioteca municipal da Casa da Cultura para que podamos coller libros

O alcalde anuncia que o que se pretende facer é levar a Biblioteca municipal a casa do conserxe



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### 6.- Proposta realiza por Carla Hermida López , solicita o pintado do cole e do patio

O alcalde propón que na época de vacacións , intentará realizar o pintado amañar todas estas deficiencias .

### 7. Proposta realizada por Saray López Sienko , solicita que se pinte o patio do colexio cunha fraga chea de animais e árbores e con nosos nomes

O alcalde afirma que atenderá o solicitado , xa que xa van tres peticións sobre o mesmo asunto

Despois dunha rolda de preguntas e e intervencións do público asistente , o alcalde levantou a sesión as doce horas e cincuenta minutos , do día vinte de novembro de 2017, invitando a todos os presentes a que coñeceran as instalacións municipais . Do que eu , como secretaria certifico :

O alcalde

A secretaria

Benigno Galego Castro

Paula Díaz Tie